

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día tres de decembro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 26 de novembro de 2018.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 23 de novembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Augas de Galicia -Servizo Territorial da Zona Galicia Norte-, polo que se somete a información pública a solicitude de F.F.E. de autorización de obras nunha parcela situada no lugar do Casal, parroquia de Sésamo, Concello de Culleredo. Expediente DH.W15.63499. BOP núm. 229 do 30-11-2018.
- Anuncio do 23 de novembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Augas de Galicia- Servizo Territorial da Zona Galicia Norte-, polo que se somete a información pública a solicitude de Estación de Servicio CLT Culleredo, SL de autorización de obras, no polígono 511, parcela 1145, no P.K. 165 da estrada de Rumbo a Ledoño, parroquia de Ledoño, Concello de Culleredo. Expediente DH.W15.64398. BOP núm. 229 do 30-11-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

1 de 6

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
20/11/18	1797	Conceder o Servizo municipal de Axuda no fogar.	A. M. R.	Cinco horas á semana (agás festivos).
20/11/18	1798	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 9 horas mensuais o día 01/12/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	E. S. D.	
23/11/18	1808	Conceder a prórroga no Servizo municipal de Axuda no fogar, por un período de tres meses a contar dende o primeiro día de reinicio do servizo.	M. C. V. T.	Cinco horas á semana (agás festivos).
23/11/18	1809	Baixa no Servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaria e no Servizo de Axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta no sistema de Dependencia cunha prestación de 13 horas mensuais o día 01/12/2018, segunda a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	A. L. E.	
23/11/18	1810	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de cinco horas mensuais o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención	I. V. G.	

C.I.F. P-1503100-H

		Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.		
--	--	---	--	--

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
29/10/18	1670	Conceder unha axuda económica.	L.S.G.L.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 250€, agás o mes de maio cun importe de 75€.	1.075,00 €
31/10/18	1690	Denegar unha axuda económica.	N.K.	Denegar as axudas para bono de aluguer por superar o límite de ingresos establecido ao abeiro do artigo 5.2 do dito Regulamento.	
12/11/18	1730	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.M.P.	Pago recibo de auga correspondente ao 1º trimestre e 2º trimestre de 2018. Pago de recibo de luz correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2018 a 12 de abril de 2018. Pago de recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2018 a 11 de xuño de 2018.	156,31€ 119,32€ 96,29€
12/11/18	1731	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.A.P.	Pago do recibo de auga, correspondente ao período de 4º trimestre de 2017, 1º trimestre e 2º trimestre de 2018.	193,34 €
12/11/18	1732	Conceder unha axuda económica.	Y.L.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2017, xaneiro, febreiro de 2018.	1.050,00 €

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

12/11/18	1733	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y.J.C.	Pago de recibo de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2018. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 08 de maio de 2018 a 09 de setembro de 2018.	68,61 € 184,74 €
22/11/18	1811	Conceder unha axuda económica.	M.U.L.G.	Pago de recibos de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º, 2º e 3º trimestre de 2018. Pago de recibo de luz correspondentes aos meses de xaneiro a outubro de 2018. Pago de recibos de Comunidade de Veciños correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2018.	1.075,68 €
22/11/18	1812	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	J.D.V.	Pago de recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2018. Pago de recibo de luz, correspondente ao período de 05 de xuño de 2018 a 05 de setembro de 2018.	63,80 € 74,55€
22/11/18	1813	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.E.B.R	Pago de recibo de auga correspondente ao tercer trimestre. Pago de recibo de luz correspondente ao período de 05 de agosto de 2018 a 05 de setembro de 2018.	68,61 € 50,01€
22/11/18	1814	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E.C.S.	Pago de recibo de luz, correspondente ao período de 16 de agosto a 13 de setembro de 2018.	28,34 €
22/11/18	1815	Conceder unha axuda económica.	M.T.T.	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio a xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300	900,00 €

C.I.F. P-1503100-H

				€.	
22/11/18	1816	Conceder unha axuda económica.	J.B.M.	Pago cotas pendentes de aluguer correspondente aos anos 2017 e 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Recibos de auga pendentes, correspondentes aos anos 2017 e 2018. Recibos de luz pendentes, correspondentes aos anos 2017 e 2018.	1.075,68 €
22/11/18	1817	Conceder unha axuda económica.	R.O.R.	Pago de recibo de contribución, correspondente aos anos 2014, 2015, 2016 e 2017. Recibo de auga correspondente o primeiro, segundo e terceiro de 2018. Pago de recibos de electricidade correspondente ao período do 04 de decembro de 2017 ata o 05 de setembro de 2018.	538,82 € 173,52€ 351,22€

“

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: XIX Pleno municipal infantil.

Programa: Educación constitucional.

Datas: 5 de decembro.

Horario: de 11:00 a 12:30 h.

Colexios participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 6º de EP.

Nº participantes: 282.

Lugar: Salón de actos do IES Universidade Laboral.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 3 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:

Culleredo soa en 44:05.

Concerto didáctico de alumnos/as do Conservatorio de Ferrol.

Entrada libre.

MÉRCORES 5 DE DECEMBRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.00 h:

Concerto didáctico de cello, a cargo de alumnos/as do Conservatorio de Culleredo.

Entrada libre.

VENRES 7 DE DECEMBRO

Biblioteca "Cardeso Liñares" de Vilaboa. 18.30 h:

Contacontos coa Dragona Ramona: *As aventuras da mazá vermella.*

A partir de 3 anos. Entrada libre."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H